

# REGULAMENTO DE CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DOS CENTROS PROPIOS DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

(Claustro Universitario do 20 de maio de 1999)

## *Título I. Definición e estrutura*

**Artigo 1.-** Os centros propios da Universidade de Santiago de Compostela (USC) (centros, no que segue) son centros destinados esencialmente á investigación científica e técnica así como á creación artística.

**Artigo 2.-** As funcións dos centros son:

- a. Facilita-lo desenvolvemento científico técnico e artístico, en calquera dos seus ámbitos, dentro da USC.
- b. Realizar actividades docentes relacionadas con estudos de terceiro ciclo e de especialización, dentro da organización dos programas de estudo da USC.
- c. Prestar asesoramento técnico no marco da súa competencia.

**Artigo 3.-** Os centros rexeranse polas disposicións legais e estatutarias que lles sexan aplicables, e deben estar dotados dun regulamento de réxime interno aprobado pola Xunta de Goberno.

**Artigo 4.-** Os centros dependerán organicamente da Xunta de Goberno, nos termos establecidos nos seus Estatutos, neste regulamento e en cadanseu regulamento de réxime interno.

**Artigo 5.-** Os centros poderán propoñer á USC o asinamento de convenios con grupos ou centros de outras universidades ou organismos públicos de investigación. Estes convenios poderán levar á creación de centros mixtos.

**Artigo 6.-** As persoas que conclúan estudos dispensados nos centros terán dereito á titulación específica correspondente.

## *Título II. Da creación de centros propios*

**Artigo 7. 1.-** A iniciativa para a creación de centros corresponde a varios grupos de investigación pertencentes a varias áreas de coñecemento.

2.- A solicitudes serán presentadas diante do rector, quen solicitará os seguintes informes:

- a. Dos consellos de departamento ós que pertencen os grupos de investigación.
- b. Dos consellos de departamento que realicen labores investigadores nas mesmas áreas ou áreas afíns ó centro proposto.
- c. Dun ente avaliador externo coma a actual "Agencia Nacional de Evaluación y Prospectiva", outra similar, ou un panel de expertos.

3.- Recibida esta información, a Xunta de Goberno tomará o acordo, de se-lo caso, de creación do centro elevándoa ó Consello Social

4.- En todo caso a solicitude deberá incluír:

- a. Unha memoria na que, cando menos, consten:

- Obxectivos e programas de investigación do centro enmarcados, de se-lo caso, nos plans galego, español ou europeo de I + D, e facendo notar, de se-lo caso, a incidencia no contorno socioeconómico.

- Xustificación da necesidade de creación do centro, atendendo ó seu carácter interdisciplinario, alta especialización e imposibilidade de lograr os obxectivo propostos dentro doutras estruturas da USC, especialmente dos departamentos e institutos existentes.

- Programación plurianual de actividades.

- Persoal científico que se integraría no centro, especificando o seu curriculum (con expresión detallada do financiamento acadado nos últimos anos), a súa procedencia, o seu réxime de dedicación e a porcentaxe da xornada investigadora que dedicarán ó centro.

- Estimación dos medios necesarios para o funcionamento do centro, orzamento aproximado, e fontes de financiamento.

b. Proxecto de regulamento de réxime interno.

**Artigo 8.-** Unha vez aprobada a creación do centro, o rector nomeará un director en funcións entre os membros do grupos promotores que cumpran as condicións establecidas no artigo 18.1, que cesará como tal ó se cumprí-las previsións regulamentarias sobre constitución do consello do centro.

**Artigo 9.-** Os centros remitirán á Xunta de Goberno no primeiro trimestre de cada ano unha memoria de actividades e unha memoria económica para a súa avaliación. En función desta, ponderarase a comenencia da súa continuidade. De se-lo caso, a Xunta de Goberno, a partir do segundo ano, poderá propoñer ó Consello Social a supresión do centro.

### ***Título III. Do persoal dos centros***

**Artigo 10.-** O persoal científico dos centros estará integrado por profesores, axudantes e investigadores da USC.

**Artigo 11.-** Poderán pertencer tamén ó persoal do centro, en calidade de colaboradores, as persoas integradas nalgún proxecto ou programa do centro.

**Artigo 12.-** O profesorado universitario integrado no centro manterá as súas obrigas docentes en primeiro e segundo ciclos. A súa dedicación ó centro afectará so á súa xornada investigadora, sen prexuízo da posibilidade de dispensar docencia de terceiro ciclo ou posgrao no centro.

**Artigo 13.-** O persoal científico inicial do centro será o dos grupos promotores. A creación deste implicará a autorización para que os membros dos grupos promotores se incorporen ó centro nas condicións solicitadas.

**Artigo 14.-** Os órganos de goberno do centro terán autonomía para admitiren novos membros, dentro do establecido neste regulamento. A súa decisión poderá ser, en todo caso, recorrida perante a Xunta de Goberno.

**Artigo 15.-** Os profesores, axudantes e bolseiros que soliciten o ingreso nun centro xa creado deberán contar coa autorización previa do consello de departamento para desenvolver no centro a totalidade ou parte da súa xornada investigadora. No caso de que o departamento lle denegue a autorización, o interesado poderá recorrer este acordo perante a Xunta de Goberno.

### ***Título IV. Dos órganos de goberno dos centros***

**Artigo 16. 1.-** Os órganos de goberno dos centros serán:

- a. O Consello de Centro.
- b. O director.
- c. O secretario.

2.- O Consello de Centro estará composto por:

- a. O director do centro, que o convocará e presidirá.
- b. O secretario do centro, que o será tamén do Consello do Centro.
- c. Un representante da Xunta de Goberno da Universidade nomeado polo rector.
- d. Os membros do persoal do centro que especifique o seu regulamento de réxime interno.

**Artigo 17.-** Serán funcións do Consello de Centro:

- a. Elixi-lo director do centro e propoñe-lo seu nomeamento ó rector e, de se-lo caso, a súa remoción mediante acordo adoptado do xeito que estableza o regulamento de réxime interno.
- b. Aproba-lo orzamento e a programación anual das actividades do centro.
- c. Aproba-la memoria anual de actividades e a memoria económica.
- d. Aproba-lo ingreso de novos membros do persoal científico do centro e o seu cesamento.
- e. Emitir informes sobre os contratos do centro e dos seus profesores ós que se refire o artigo 23 deste regulamento.
- f. Propoñer á Xunta de Goberno a aprobación ou modificación do regulamento do centro.
- g. Aqueloutras que estableza o seu regulamento de réxime interno en desenvolvemento dos Estatutos ou deste regulamento.

**Artigo 18. 1.-** O director do centro será un funcionario dos corpos docentes universitarios da USC, co título de doutor e dedicación a tempo completo.

2.- A duración do seu mandato será fixada polo regulamento de réxime interno do centro, e en ningún caso será superior a catro anos, non podendo desempeñar máis de dous mandatos consecutivos.

**Artigo 19.-** Correspóndelle ó director:

- a. Convocar e presidir as reunións do Consello do Centro, e executa-los seus acordos.
- b. Representa-lo Centro no ámbito da súa competencia.
- c. Elabora-las propostas anuais de programación e o orzamento do centro.
- d. Redacta-la memoria de actividades e a memoria económica.
- e. Nomea-lo secretario.
- f. Dirixir e coordina-las actividades do centro.
- g. Autoriza-los gastos dentro do orzamento anual.

**Artigo 20.-** O secretario será nomeado polo director entre os membros do Consello de Centro.

**Artigo 21.-** Son funcións do secretario:

- a. Redacta-las actas das sesións do Consello do Centro.

- b. Custodia-los arquivos e a documentación do centro.
- c. Expedi-las certificacións no ámbito da súa competencia.

#### ***Título V. Do réxime económico dos centros***

**Artigo 22.-** O financiamento da actividade investigadora do centro produciráse pola vía de recursos externos. Só excepcionalmente poderán ter asignacións específicas nos orzamentos da Universidade, e poderáselles asignar persoal de administración e servicios con cargo ós recursos comúns da USC.

**Artigo 23.-** Os centros e o seu profesorado a través deles, poderán contratar con entidades públicas e privadas e con persoas físicas a realización de traballos de carácter científico, técnico ou artístico, así como o desenvolvemento de cursos de especialización, nas condicións establecidas na Lei de reforma universitaria e nos Estatutos da USC.

**Artigo 24.-** Os bens inventariables que adquiran os centros ou os seus investigadores para o cumprimento deses contratos serán propiedade da USC. En caso de investigacións ou cursos con financiamento compartido con outras institucións ou empresas, establecerase un convenio particular para establece-las propiedades dos bens adquiridos con ese financiamento e a propiedade das patentes ou modelos de utilidade a que desen lugar.

#### ***Disposición adicional***

En todo aquilo non establecido neste regulamento os centros rexeranse polas disposicións legais e estatutarias que lles sexan aplicables.

#### ***Disposición final***

O presente regulamento entrará en vigor ó día seguinte da súa aprobación polo Claustro Universitario da USC.